

17/04/2015

## ESCOLA PONTE GUAPA



Os/as nenos/as, de 4º e 5º de educación infantil, seguimos pondo a nosa escola moi guapa, e hoxe fixémoslo plantando petunias.

Trátase dunhas plantas moi fermosas e bastante sinxelas para cultivar. Son moi resistentes e non precisan moitos coidados.

Medran rapidamente, sobre todo na primavera, necesitando abundantes abonos.

En xeral, adáptase practicamente a calquera zona climática, se as situamos ao sol.

Admite case todo tipo de regas sempre que teña unha boa drenaxe

En calquera caso, con elas e doado conseguir excelentes resultados, tanto plantándoas nunha maceta como cultivándoas nun xardín

Teremos que podalas cando os talos comecen a arrastrar polo chan.





A distancia entre elas , ao plantalas no xardín, debe de ser polo menos de 25 centímetros para que teñan suficiente espazo para medrar.



**Para manter durante longos períodos as flores das petunias debemos seguir estes consellos:**

**Non mollar as súas flores ao regar** : Os seus pétalos son moi sensibles á auga.

**Non deixar flores secas nas plantas.**

**Abónalas semanalmente desde a primavera até final do verán.**

Con fertilizantes ricos en fósforo, o que lles axudará a medrar con máis vigor.